

## CONCURSO FOTOGRÁFICO SANTA COMBA EN CORES 2.0

### BASES

A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G-15.551.104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, organiza o Concurso Fotográfico Santa Comba en Cores 2.0, coa finalidade de dar visibilidade aos murais artísticos creados recentemente no noso núcleo urbano.

-1-O ámbito de participación é de carácter xeral.

-2-O comezo do concurso será o luns 19 de setembro ás 09:00h. e rematará o domingo 9 de outubro de 2022 ás 12:00h.

-3-Tódalas persoas que desexen participar deberán enviar unha foto dende calquera muro do proxecto Santa Comba en Cores 2.0.

-4-Para concursar, os participantes deberán portar algún elemento, disfraz ou atrezzo que faga referencia ás temáticas dos murais do proxecto Santa Comba en Cores 2.0. (*Exemplo: disfraz de médico na fachada sita en Santa Cataliña que homenaxe a D. Angel Carracedo, etc...*).

-5-As fotografías deberán enviarse por whatsapp a calquera dos seguintes contactos: 633181817 (oficina AES) e 618856411 (Presidente), xunto coa foto indicar nome e apelidos do concursante. No caso de ser menor de idade, aportar os datos do titor ou titora legal.

-6-As fotografías poderán ser individuais ou en grupos, e só se publicará unha foto por participante ou grupo.

-7-As fotografías dos participantes subiranse exclusivamente á páxina de **facebook "Asociación Empresarios Santa Comba"** ata o día 9 de outubro por riguroso orde de entrega.

-8-O día 10 de outubro ás 12:00h. decidiranse os gañadores dacordo coas interaccións en dita rede social.

-9-Os participantes que máis interaccións obteñan operarán aos seguintes premios.

Premios:

1º Un móbil Alcatel 1b.

2º Un aspirador Karcher KWD1.

3º Un reloxo Xiaomi Smart Band 7

Premios de consolación:

4º Unha mochila Joma

5º Un balón Puma

6º Un puzzle Clementoni travel de 2.000 pezas.

-10-Os premios recolleranse na sede da Asociación de Empresarios de Santa Comba, en horario de 09:30 a 13:30 h de luns a venres no prazo dun mes do remate do concurso.

-11-O feito de participar en dito concurso supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 15 de setembro de 2022

Asdo. Alberto Romar Landeira

*Presidente*